

Por Preguntar que non Queede

Nosoutras Creamos Mundo



PÁGINAS WEB:

www.aulaintercultural.org

www.rayuela.org

www.fete.ugt.org

www.mtas.es/mujer

Diseño e Ilustración:

Mónica Carretero

lazarzamora@wanadoo.es





Ola, chámome Kalima e teño nove anos. A miña profesora explicounos hoxe que se vai celebrar o **día Internacional das Mulleres**. E que na ONU, ese edificio que parece unha enorme caixa de mistos adobiado coas bandeiras de todos os países, ten unha reunión moi importante para estudar se as nenas e as mulleres de todo o mundo se lles respectan os seus dereitos. Di a mesta que en España custou moitos, moitos anos que todos e todas teñamos os mesmos dereitos e iso quere dicir que tamén temos que coidar que se cumpran.



Logo, púxose moi seria, porque a verdade é que facemos moito balbordo e díxonos que se nos portabamos ben contaríanos porque celebramos o **Día Internacional das Mulleres**.

Pasámolo moi ben cando a profesora nos conta historias porque é como se viaxáramos na máquina do tempo. Fálanos da súa vida e do que ocorreu de verdade. Sempre nos di que somos protagonistas da nosa vida e que se o desexamos podemos facer que o mundo sexa un lugar mellor para todos os nenos e nenas.

E así, coma por arte de maxia, fíxose un silencio na clase...





¿POR QUE SE CELEBRA O DÍA INTERNACIONAL DA MULLER?

Hoxe, parécenos tan normal que as nenas e os nenos poidamos estudar, dicir o que pensamos, axudar en casa, xogar xuntos ou soñar como seremos cando medremos.

Pero non sempre foi así. Durante moitos séculos as mulleres e as nenas tiñan que facer unhas cousas e os nenos e os homes outras.

Por exemplo, ata hai poucos anos, as mulleres tiñan dificultades para ir á Universidade. Unha das primeiras que o puido facer en España chamábase Concepción Arenal e quería ser avogada pero non podía por que era moza, así que nin curta nin preguiceira disfrazouse de mozo. Tivo moitos problemas pero o conseguiu.



O peor é que alguén se foi da lingua e armou a lea. Sen embargo, detrás dela, animáronse moitas máis a estudar na Universidade.

Custou moito que as nenas e as mulleres chegaran aos mesmos dereitos. Incluso hoxe, nalgúns países as nenas e as mulleres teñen moitas dificultades para ir á escola, para que se lles recoñeza o seu traballo, para tomar decisións ou participar en todo o que lles interesa.

Di a mestra que o Oito de Marzo é un día moi especial para todas. É como celebrar o noso aniversario. Neste día lembramos todo o que fixemos ao longo da historia, pensamos no que nos ocorre hoxe e decidimos como queremos que sexa o mundo.





¿COMO FOI A VIDA DAS MULLERES E AS NENAS AO LONGO DA HISTORIA?

A mestra cóntanos que as mulleres ao longo da historia sempre fixeron cousas moi importantes pero non sempre se lles recoñeceu o seu valor.

Nalgunhas épocas e en distintas culturas, as mulleres estaban moi consideradas: Eran sacerdotisas, dedicábanse á agricultura e ás herbas medicinais, recollían sementes e sabían como facelas medrar, facían cacharros de cerámica... Os homes ían cazar e elas sementaban, cocinaban, criaban aos fillos e ás fillas. E todo iso era moi importante.

Logo comezaron a construír cidades e os Estados, ao principio as mulleres traballaban no campo, nos muíños, cardaban a la e ata eran ferreiras...



pero cando o traballo empezou a escasear prohibíronlles que aprenderan estes oficios e quedáronse a traballar na casa. Aínda que facían moitos labores coidando das cousas importantes da vida, non se lles recoñecía nin valoraba.

Moitas non estaban conformes e a pesar das dificultades, agochándose ou disfrazándose, fixéronse científicas, políticas, pintoras, médicas, escritoras, inventoras... uffffff e ademais seguiron facendo que a vida puidese existir. ¡Vale, que fixeron de todo!; En moitas ocasións uníronse para apoiarse unhas a outras e para protestar. Así entre todas conseguiron o dereito a votar e todos os demais dereitos.

A verdade é que lles debemos moito a estas mulleres porque fixeron posible cousas que parecían impensables ¡; E xa ninguén pode dicir: ti non podes facer iso porque es nena ou porque es nenol;






¿COÑECEMOS O QUE FIXERON AS MULLERES AO LONGO DA HISTORIA?

A mestra sabe motiiiiiimo !!! Ás veces me pregunto onde garda todo o que nos conta. Eu creo que é tan lista como Hipatia de Alexandría, unha sabia da época grega. A pesar de ás mulleres lles poñían obstáculos para falaren en público, para ensinar e para estudar, ela aprendeu tanto que terminou sendo sabia e famosa. Todo o mundo lía os seus libros de aritmética, astronomía e filosofía, que se gardaron durante moitos anos na biblioteca de Alexandría.

Contounos que as mulleres sempre compartiron a súa sabedoría e utilizárona para coidar persoas do seu arredor.



Por exemplo, Trótula de Salerno, que escribiu un tratado de medicina importantísimo no século XI.

Tamén falounos de Ada Byron que naceu en Inglaterra en 1815. ¿Sabedes o que fixo? ¡Inventou o que serviría despois para facer o primeiro programa de ordenador! E Marie Curie que gañou dos premios Nóbél, de Física e Química.

Mary Wollstonecraft, en plena Revolución francesa escribiu un libro moi importante que se chama "Vindicación dos dereitos da muller" e tivo unha filla, Mary Shelley, que é a autora de "Frankenstein".



Hoxe, nas illas FIJI, as mulleres da Asociación Wainimate utilizan o coñecemento das súas avoas sobre as plantas medicinais para protexer a natureza, o saber milenario das mulleres e a saúde.

E así foinos contando a vida de moitas mulleres que formaron parte da nosa historia.



¿PODEMOS PRACTICAR OS MESMOS DEPORTES OS NENOS E AS NENAS?

Gústame moito facer deporte cos meus amigos e amigas. Sobre todo, cando xogo, emociónome e río. Entón parece que todo o corpo se enche de ledicia e de vida.

Facer deporte ten que ver con andar, correr, nadar, saltar. Tamén con xogar á corda, á pelota ou á goma e divertirse. Facer deporte axúdanos a estar mellor, a sentir como funcionan as diferentes partes do corpo, a ser máis hábiles, a estircarnos... pero sobre todo a sentirmonos ben na nosa pel.



Os nenos e as nenas podemos practicar todos os deportes. Podemos xogar á pelota ou ás agachadas todas e todos xuntos. Ou podemos facer fazañas increíbles como Ellen Macarthur que é a persoa que máis rápido deu a volta ao mundo. ¡Estivo setenta e un días soa no seu barco!

O importante é que xuguemos ao que realmente nos apeteza e que o fagamos sen insultos nin leas. En deporte só perdemos cando non gozamos.





¿QUE FIXERON E FAN AS MULLERES POLA PAZ?

Hoxe, a mestra falounos de catro mulleres moi valentes que recibiron o premio Nóbel da Paz: Rigoberta Menchú que é de Guatemala, Aug San Suu Kyi de Birmania, Shirin Evadí de Irán e Wangari Maathai, africana.

Como elas, miles de mulleres como as Nais da Praza de Maio en Arxentina ou as Mulleres de Negro en moitos países do mundo están dicindo seriamente, pero sen violencia, que queren a paz.

Elas sempre dan a man e un sorriso a quen queiran acompañalas nas súas manifestacións.



Nosoutras e nosoutros tamén podemos axudar a construír a paz, na clase, na casa, no barrio, para non deixar nin un oco pequeno á violencia.





¿COMO PODEMOS SALVAR A NATURZA?


En moitos lugares do mundo, as mulleres uníronse para coidar a terra: o planeta onde todos e todas vivimos.

Por exemplo, na India, nas faldras do Himalaia Himalaya, as mulleres Chipko abrazan as árbores para protexer a vida co fin de evitar que sexan cortados. Grazas a elas, o Goberno Indio decidiu non seguir tronzando as árbores vendendo a súa madeira e destruindo a natureza.

E a física india Vandana Shiva ensinounos que protexendo os bosques, coidamos do solo, da auga, do aire puro e das sementes.



Eu creo que podemos facer moitas cousas para coidar o medio ambiente, como ter coidado coa auga, facer xoguetes con cousas vellas, regar as plantas, ou reciclar o lixo... ¡De nosotras e nosoutros depende que este vello planeta siga vivo!





¿AS NENAS E OS NENOS PODEMOS INVENTARNOS COMO VESTIRNOS?

Os nosos corpos son de moitas formas e cores. Tamén hai moitas cores e formas para a roupa. O que nuns países resulta bonito noutro non gusta. Nalgúns lugares, por exemplo, cando a xente está triste porque unha persoa querida faleceu, vístese de branco, mentres que aquí vestímonos de negro.



En cada lugar hai regras que che din que sexas ou te vistas dun xeito determinado. Isto é para amolar. Todas e todos somos diferentes.

Sería moi aburrido se todas as persoas fosemos iguais. Por iso, cando mozos e mozas estamos a gusto co noso corpo e descubrimos que non pasa nada por vestírmolos sen seguir a moda, somos máis libres para inventar como queremos vestirmos.





¿COMO PARTICIPAMOS AS NENAS E OS NENOS?

Na clase estamos nenas e nenos moi diferentes. Máis altos, máis baixos, máis gordos, máis fracas, dun ou doutra cor, con pelo liso ou crecho... Todos e todas somos diferentes. Por iso é importante que se escoiten e teñan en conta todas as opinións, sobre todo cando teñamos que tomar decisións. Así ocorreránsenos máis ideas e máis divertidas.



A mestra contounos que igual que nos reunimos en clase, en Pekin, en 1995 reuníronse máis de 5.000 mulleres de todo o mundo para tomar decisións.

Na clase tamén nos reunimos. Antes só había delegados, agora eliximos unha delegada ou un delegado. Antes tampouco había mulleres nos gobernos e agora empeza a haber. ¿Imaxínaste que na clase só os mozos puideran decidir? ¿Ou que Nora, que é a nosa delegada, non escoitara aos seus compañeiros? ¿Ou que fixera o que lle dese a gana?

Se a elixiron é para que escoite ao resto da clase na asemblea, para tratar os conflitos falando e sen violencia, e para comunicar o que necesitan as nenas e os nenos e buscar solucións entre o que propoñemos.






¿POR QUE É MESTER QUE AS NENAS E OS NENOS COMPARTAMOS AS TAREFAS DOMÉSTICAS?

As mulleres sempre se ocuparon de coidar ás persoas do seu arredor e de que os sitios onde viven e traballan estean limpos, ordenados e bonitos. Por exemplo a bisavoa de Dani, Ana, contoulle o outro día que cando ela tiña a súa idade, ía todos os días ao río a por auga, porque non tiña billas, nin baño na casa para lavarse. Agora a bisavoa de Dani e as demais veciñas do barrio seguen contando as súas cousas, pero é no centro de persoas adultas, onde se xuntan para estudar porque cando tiñan a miña idade non puideron.



Onde vivo eu, xa ninguén lava no río. Na casa temos lavadora e son papá e mamá quén se lembran de poñela e de tender toda a roupa limpa.

Todos e todas temos que coidar a casa, a escola... e participar nas tarefas cotiáns para poder vivir con tranquilidade e a gusto.





¿COMO SOMOS AS NENAS?
¿COMO SON OS NENOS?

Dende que asomamos a nosa cabeziña case ao nacer, comezamos a aprender cousas pequenas e grandes. Dende que era moi pequena eu observaba cómo eran as persoas maiores. Gústame mirar qué roupa elixen os mozos e cómo nos vestimos as mozas. E tamén me gusta escoitar qué fan e qué cousas din.



As nenas e os nenos somos diferentes. ¡E é estupendo! Porque as nenas e os nenos podemos ser todo o que queiramos ser. A mestra di que non temos que esquecer que os nenos e as nenas temos os mesmos dereitos. Podemos xogar ao que nos gusta, vestir da forma na que nos sintamos mellor. Estudar, soñar, ter amigas e amigos...

Podemos intercambiar xogos, compartilos ou crear outros novos entre todos e todas. ¡Proba e verá como che gusta facer outras cousas!





¿COMO NOS RELACIONAMOS OS NENOS E AS NENAS?

Os nenos e as nenas pasámolo moi ben xuntos, aprendemos e xogamos. Sen embargo, a profe, hoxe, explicounos porqué moitas veces saen na tele noticias que falan de malos tratos a mulleres. A mestra di que entre todas e todos podemos conseguir que isto non ocorra máis. Para logralo, di que é importante que nos tratemos con respecto e cariño porque deste xeito sentímonos ben e facemos sentir ben aos compañeiros e ás compañeiras. É importante que saibamos dicir SI ao que queremos e NON ao que nos fai sentir mal.

Cando temos problemas ou nos enfurruñamos debemos intentar solucionalo falando e explicando o que nos ocorre.



Deste xeito aprendemos a facer as paces e manter a amizade.

Tamén nos dixo que é normal que é normal que ás veces queiramos estar tranquilamente en soidade, sen que ninguén nos moleste. Entón podemos buscar un espazo que sexa noso. Díxonos que isto o explica moi ben unha escritora moi famosa que se chama Virginia Woolf nun libro que escribiu en 1929, titulado "Un cuarto propio".

Eu, cando estou na miña habitación, ás veces cerro a porta e estou alí soa coas miñas cousas porque me sinto a gusto e segura e podo pensar tranquila. Para min é moi importante ser libre, decidir o que quero facer, e onde e con quen quero estar en cada momento. Desta maneira, nenos e nenas, homes e mulleres podemos convivir con respecto e cariño.



¡A Xogar!

AS NENAS E OS NENOS
VIAXAMOS POLO MUNDO





PRESENTACIÓN DO XOGO:

O taboleiro, pódese reproducir a maior tamaño para xogar na clase. Necesítase un dado e tantas fichas de cores como grupos. Fórmanse grupos de 4/6 nenas e nenos.

O cadro de saída é o 8 de marzo, **Día Internacional das Mulleres**. Cun dado para avanzar, cada equipo irá tirando por quendas. Os cadros que contén o taboleiro están diferenciados por cores e fan referencia aos apartados tratados no caderno. En cada unha delas indícase o tipo de proba que cada equipo ten que realizar e, nos cadros grandes, o tema do que teñen que falar (por ex.: lembrar algo do lido acerca das mulleres que abrazan a vida e pensar e reflexionar en cómo coidamos o medio que nos arrodea no día a día). En ocasións a proposta pode realizala toda a clase.

1895.
1ª volta ao mundo dada por unha muller en bicicleta

De historia a paz e tiro porque son capaz

Pregunta á túa avoa

8 de Marzo.
Día Internacional das Mulleres

SAÍDA



24 de maio
Día Internacional das Mulleres pola Paz

Cambio de Roles

De paz a bico e tiro porque te bico

28 de Maio
Día Internacional da saúde das Mulleres

Cambio de Roupa.

Desafia a tua Roupa.

5 de xuño
Día Internacional do Medio Ambiente



Sementeiro

Reciclarre

14 de setembro de 1995 Conferencia Mundial das Mulleres en Pekín

Decora a túa Clase.

Desempeña o nó

Todos Todos os día do ano

Identifica Tarefas.

...de tarefa a sementeiro e tiro porque quero

Día Internacional da violencia contra as mulleres

...de violencia a xogo e tiro sen máis rogos...

¿Este é un bico? ¿Un bico que?

31 de Agosto de 1870.
Nace María Montessori

Xogos

Baliles- Canción



CHEGADA



DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

SAÍDA: 8 DE MARZO. DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

1. **Pregunta a túa avoa e a túa nai** cómo vivían de pequenas, que che conten a súa historia e che ensinen fotos. Logo cóntao na clase.
2. Rima que te leva ao cadro grande da paz.

1895. 1ª VOLTA AO MUNDO DADA POR UNHA MULLER EN BICICLETA.

1. A PONTE COOPERATIVA

Todas e todos de pé, ombro con ombro sobre unha liña imaxinaria no chan, teñen que conseguir que a primeira persoa que está na liña chegue ata o final sen pisar o chan, apoiándose nos pés das e dos demais, que a axudarán, agarrándoa para que non se caia. Unha vez que chegue ao final da fila, tocaralle á seguinte nena ou neno, e así ata que pase toda a fila.

2. O CÍRCULO DA AMIZADE (Xogo de confianza)

En círculo e de pé, unha nena ou neno dentro do círculo cos ollos cerrados e os pés xuntos, reláxase deixándose caer cara a distintos lados segundo lle empurren con coidado. Pódese facer varias veces para que o proben distintas nenas e nenos.

24 DE MAIO. DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES POLA PAZ.

1. Xogo: **CAMBIA DE ROLES**. Representar unha escena na que saian distintas formas de resolver un conflito de clase: cambiándose de personaxe, ¿quen se enfada?, ¿quen grita?, ¿quen pon paz?, ¿quen cede?... Axudaremos a sacar á luz conflitos da clase.
2. Rima que te levará ao cadro do bico.

28 DE MAIO. DÍA INTERNACIONAL DA SAÚDE DAS MULLERES.

1. **Cambio de roupa** coa túa parella. Disfrázate nun minuto co que atopas.
2. Taller para **deseñar a túa propia roupa**: pódese facer en papel, debuxando ou con roupa e materiais que haxa na clase.

5 DE XUÑO. DÍA INTERNACIONAL DO MEDIO AMBIENTE. AS MULLERES ABRAZAN A VIDA

1. **Sementeiro comunitario** para a clase: entre todos os equipos: decorar a maceta, sementar as xudías, regalalas, coidalas, facer quenda de responsables.
2. **Reciclar**: deseñar caixóns/contedores para separar de envases na clase, e cos materiais de desfeito que vaian traendo e a súa imaxinación, facer un taller de creación propia.

14 DE SETEMBRO DE 1995. IV CONFERENCIA MUNDIAL
DAS MULLERES. PEKÍN.

1. Xogo: Cambiar a decoración da clase despois de ter decidido en grupo cómo queremos que quede e quén se encarga de cada cousa.

2. DESENREDA O NÓ: Todas as nenas e os nenos de pé cos ollos cerrados e os dous brazos en alto, unha man coa palma aberta e outra cerrada, buscar agarrar coa man aberta unha palma cerrada e unha vez que estean todas as mans unidas, abren os ollos e pouco a pouco se van poñendo de acordo para deslear o nó sen soltar as mans.

TOODOS TOODOS OS DÍAS DO ANO.
NENAS E NENOS FAN DE TODO.

1. Coidado e limpeza da clase: identificar as tarefas necesarias e repartilas para que a clase estea agradable.

2. Rima que te leva ao cadro so sementeiro.

25 DE NOVEMBRO. DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA
VIOLENCIA CONTRAS AS MULLERES.

1. Xogo: "ISTO É UN BICO, ¿UN QUE? UN BICO": en círculo e de pé unha persoa que lle dá un bico á persoa que ten á súa dereita dicíndolle: isto é un bico, e a outra preguntalle: ¿un que?, e respóndelle: un bico e a volve a bicar, e así vaise pasando o bico polo lado dereito. A mesma persoa que empeza dálle un abrazo a quen ten á súa esquerda, e repítese o mesmo guión de preguntas, e de accións. O xogo termina cando o abrazo e o bico volven á mesma persoa do principio.

2. Rima que te leva ao cadro dos xogos.

31 DE AGOSTO DE 1870. NACE MARÍA MONTESSORI.
EXISTEN DIFERENTES FORMAS DE ENSINAR A NENOS E A NENAS.

1. Xogo: poñer a proba a súa habilidade e destreza para tarefas e xogos tradicionalmente de nenas e mulleres e de nenos e homes, como por ex.: xogar á liga, coser un botón, tirar pelotas á diana de "velcro"...

2. Baile-canción: Bailamos para demostrar que podemos xogar todos e todas, rirnos e pasalo moi ben.

